

A Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Pontevedra, informa o seguinte:

1º.- Que con data 01 de febreiro de 1979 o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común adoptou a Resolución de clasificar como tal o nomeado “Monte Maior” da pertenza parte a Comunidade integrada polos veciños de Estacas.

2º.- Que con data 06 de novembro de 1998 a Comunidade de Estacas solicitou a rescisión da parte da súa pertenza no monte “ Maior” PO-3010 2/2, acompañando a certificación do acordo adoptado en Asamblea Xeral do 02 de agosto de 1998.

3º.- Que a superficie total consorciada do monte foi de 629 Has e o ano de comenzo das actuacións de repoboación 1945, distribuídas así:

Comunidade de Ventín	380 Has (1ª segregación o 01-09-1987)
Comunidade de Estacas	249 Has (2ª segregación)

629 Has

4º.- Que ó convenio do monte **MAIOR**, 361-5698 pasan: 249 ha consorciadas e 35 ha que a Comunidade aporta de novo: (22,05 ha de pino pinaster, 2 ha de pino radiata, 20,95 ha de eucaliptus globulus, 0,5 ha de eucaliptus rostrata, 18,5 ha de frondosas, 220 ha rasas).

5º.- Que os gastos por traballos mailos ingresos, segundo consta na conta do consorcio foron:

		Ingresos	Gastos	Saldo
02-01-1983	Saldo inicial (distrib. con Ventín)	67.529	11.107.472	11.039.943 H
20-02-1985	Repob.15 Has (249/629x503.688 H)		199.393	11.239.336 H
“	7,85 % s/ 199.393		15.652	11.254.988 H
31-12-1985	Guardería 249 x 135		33.615	11.288.603 H
31-05..1986	Tratam. Selv. 5 Has 4535		300.480	11.589.083 H
“	7,85 %s/ 300.480		23.588	11.612.671 H
30-07.1986	Tratam. Selv. 7 Has 4577		343.859	11.956.530 H
“	7,85 % s/ 343.859		26.993	11.983.523 H

			Ingresos	Gastos	Saldo
31-12-1986	Guardería	249 x 50		12.450	11.995.973 H
31-12-1987	“	“		12.450	12.008.423 H
31-12-1988	“	“		12.450	12.020.873 H
25-04-1989	60 % do cons.AM1.876.800	48166	1.126.080		10.894.793 H
09-11-1989	Condonación débeda Lei 13		9.874.555		1.020.238 H
31-12-1989	Guardería			12.450	1.032.688 H
31-12-1990	“			12.450	1.045.138 H
“	Mellora capa rodadura	3 Km.		590.406	
“	7,85 % Gtos. Admon. S/	590.406		46.347	1.681.891 H
31-12-1991	Guardería	249 x 55		13.695	1.695.586 H
31-12-1992	“			13.695	1.709.281 H
31-12-1993	“			13.695	1.722.976 H
24-02-1994	60 % do cons.AM	225.000 43188 AD	135.000		1.587.976 H
31-12-1994	Guardería	249 x 55		13.695	1.601.671 H
31-12-1995	Guardería	“		13.695	1.615.366 H
31-12-1996	Guardería	249 x 60		14.940	1.630.306 H
31-12-1997	Guardería	“		14.940	1.645.246 H
04-08-1998	Por error estaba en cons.3009			3.274.122	4.919.368 H
“	7,85 % Gtos. Admón s/	3.274.122		257.019	5.176.387 H
01-09-1999	60 % do conv.AM (320000)	49023	192.023		4.984.364 H
27-10-1999	Abono AM 30% (320000)	49023		96.000	5.080.364 H
	por ser o 30% en conv. Non o 60%				
Saldo a favor da Xunta de Galicia:					5.080.364 H

Por todo isto, **proponemos:**

PRIMEIRO.- Que se aprobe o Convenio das seguintes características:

Nome do monte: **MAIOR**

Número: 361-5698

Superficie: 284 ha

(249 ha do PO-3010, e 35 ha sen consorciar que a Comunidade aporta de novo: (22,05 ha de pino pinaster, 2 ha de pino radiata, 20,95 ha de eucaliptus glóbulus, 0,5 ha de eucaliptus rostrata, 18,5 ha de frondosas, 220 ha rasas).

Pertenza: Comunidade de Estacas.

Concello: Fornelos de Montes

Provincia: Pontevedra

Participación da Comunidade propietaria sobre o voo creado: 70 %

Participación da Consellería sobre o voo creado: 30 %

A contabilizar como anticipo: 50 %

A contabilizar como subvención: 50 %

Xuro sobre anticipo: 1 %

Saldo inicial: 5.080.364 pesetas a favor da Xunta de Galicia.

SEGUNDO.- Que se rescinda totalmente o consorcio do monte Mayor, PO-3010, por pasar a totalidade da súa superficie ó novo convenio.

Santiago de Compostela, 29 de marzo de 2000.

**O SUBDIRECTOR XERAL DE MONTES
E INDUSTRIAS FORESTAIS,**


Plácido Baamonde López.

**VISTO E PRACE
O DIRECTOR XERAL,**


Tomás Fernández-Couto Juanas.

**EXCMO. SR. CONSELLEIRO DE MEDIO AMBIENTE.
SANTIAGO DE COMPOSTELA.-**

INFORME SOBRE A APROBACIÓN DO CONVENIO

Visto o expediente de firma dun convenio entre a Consellería de Medio Ambiente e a Comunidade de Estacas propietaria do Monte Veciñal en Man Común a conveniar denominado “MAIOR” integrado por 284 ha dos que 249 ha proveñen do consorcio PO-3010 que se rescinde na súa totalidade e 35 ha sen consorciar aportadas de novo, e a vista do informe favorable do Servicio de Montes e Industrias Forestais, esta Sección Xurídica considera que procede a aprobación do devandito convenio nos termos propostos, por axustarse ó previsto na Lei 5/1977, do fomento da produción forestal, ó Real decreto 1279/1978, que aproba o seu Regulamento, e ó Decreto 69/1984 (polo que se deixa sen aplicación, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, o artigo 57 do Real decreto 1279/1978 citado), así como á Lei 13/1989, de montes veciñais en man común e ó Decreto 260/1992, que aproba o seu Regulamento.

Santiago de Compostela, 7 de abril de 2000

A XEFA DA SECCIÓN XURÍDICA,

A circular blue ink stamp from the Xunta de Galicia, specifically from the Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente. The stamp features the coat of arms of Galicia in the center. Overlaid on the stamp is a handwritten signature in blue ink, which appears to be 'J. T. R.'.

Asdo.: M^a José Tato Rocha

Vista a proposta formulada pola dirección xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, e logo dos informes favorables emitidos pola súa sección xurídica e pola Xefatura provincial de Montes e Industrias Forestais de Pontevedra,

R E S O L V O:

PRIMEIRO.- Aprobar o convenio das seguintes características:

Nome do monte: **MAIOR**

Número: 361-5698

Superficie: 284 ha

(249 ha do PO-3010, e 35 ha sen consorciar que a Comunidade aporta de novo: (22,05 ha de pino pinaster, 2 ha de pino radiata, 20,95 ha de eucaliptus glóbulus, 0,5 ha de eucaliptus rostrata, 18,5 ha de frondosas, 220 ha rasas).

Pertenza: Comunidade de Estacas.

Concello: Fornelos de Montes

Provincia: Pontevedra

Participación da Comunidade propietaria sobre o voo creado: 70 %

Participación da Consellería sobre o voo creado: 30 %

A contabilizar como anticipo: 50 %

A contabilizar como subvención: 50 %

Xuro sobre anticipo: 1 %

Saldo inicial: 5.080.364 pesetas a favor da Xunta de Galicia.

SEGUNDO.- Que se rescinda totalmente o consorcio do monte Mayor, PO-3010, por pasar a totalidade da súa superficie ó novo convenio.

Contra esta Resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de reposición con carácter potestativo perante o conselleiro de Medio Ambiente no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente o recurso contencioso-administrativo



perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, prazos que comezarán a contar a partir do día seguinte ó da recepción da notificación, de acordo co disposto nos artigos 107, 109, 116 e 117 da Lei 4/99 de modificación da Lei 30/92, do 26 de novembro do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e nos artigos 10 e 46 da Lei 29/98 de 13 de xullo, da xurisdicción contencioso-administrativa, ou exercer calquera outro que estime pertinente.

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2000.

**O CONSELLEIRO
(POR ORDE DO 12-01-98)
O SECRETARIO XERAL**



José Luis Aboal García-Tuñón.

**ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE
NATURAL. SANTIAGO DE COMPOSTELA.-**

C O N V E N I O

N.º	36	15698
-----	----	-------

En Santiago de Compostela, a once de abril de dous mil ~~de mil novecentos~~
~~noventa e~~

R E U N I D O S

Dunha banda, D. CARLOS DEL ALAMO JIMENEZ, Conselleiro
de Medio Ambiente, en virtude da representación que legalmente ostenta.

Da outra, D. Jose Garrido Piñeiro como representante
da comunidade propietaria do monte veciñal en man común da Comunidade de Montes de Estacas
(Fornelos de Montes), segundo se acredita neste mesmo documento.

Ámbalas dúas partes recoñécense capacidade suficiente para asina-lo presente convenio.

E X P O Ñ E N

O artigo 27.10 do Estatuto de Autonomía para Galicia establece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en materia de montes e aproveitamentos forestais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

O abeiro destas disposicións promulgáronse os Reais Decretos 167/81, 1234/83 e 1535/84, de traspaso de funcións e servicios á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

Este convenio establécese ó abeiro do previsto na Lei 5/77, do 4 de xaneiro, sobre fomento da produción forestal, desenvolvida polo Real Decreto 1279178, do 2 de maio, que aproba o seu regulamento, e modificado polo Decreto 69184, de 23 de marzo da Xunta de Galicia.

Este convenio rexerese polas cláusulas que a continuación se consignan:

1ª.- O convenio ten por obxecto:

a) A modificación das condicións establecidas nos Consorcios subscritos con datas
do

para a repoboación dos terreos que se describen na cláusula 2.ª, quedando anulado este Consorcio na parte afectada polo presente convenio.

b) A incorporación a este novo contrato do voo e obras auxiliares creadas ó abeiro do Consorcio anterior.

c) A repoboación forestal dos terreos aínda susceptibles dela que se describen na cláusula segunda, a conservación e tratamento silvícola das masas que se creen, e o seu aproveitamento, ademais dos traballos de melloras do monte.

d) A conservación, tratamento silvícola e aproveitamento do arborado preexistente e independente do Consorcio anterior, que continuará pertencendo á entidade propietaria (rísquese, de non existir).

e) As obras e traballos complementarios e auxiliares concordantes cos anteriores fins.

2ª.- Os terreos afectados polo presente Convenio pertencen a Comunidade de Estacas

e son os que a continuación se describen:

Denominación: monte "Maior"

Termo municipal: Fornelos de Montes Provincia: PONTEVEDRA

Situación administrativa e legal Monte Veciñal en Man Común

Límites:

N.: Monte Ventín, Fincas particulares

S.: Concello de Mondariz

L.: Monte Campo Grande

O.: Monte Ventín

Superficie: 284 Has

Estado forestal: 22,05 Has de pino pinaster; 2 Has de pino radiata; 20,95 Has de eucaliptus globulus; 0,5 Has de acauliptus rostrata; 18,5 Has de Frondosas; 220 Has raso

Con arborado pertencente á comunidade propietaria do chan:

Con voo creado procedente da repoboación realizada en virtude do consorcio anterior, que se converte e anula:

Sen vexetación arbórea: Servidumes:

3ª.- O chan continuará pertencendo a Comunidade de Estacas

que achega ó convenio:

- a) A súa participación no voo creado en virtude do consorcio sinalado.
- b) Os terreos descritos na cláusula segunda.
- c) O arborado da súa pertenza existente nestes terreos (rísquese se non existise).

4ª.- A Consellería de Medio Ambiente aporta ó convenio a súa participación no voo creado en virtude do anterior consorcio e as cantidades necesarias para cubri-los gastos a que dará lugar a súa execución.

Na correspondente conta de gastos, o 50 % por cento contabilizarase en concepto de subvención; o restante 50 % por cento, como anticipo reintegrable, ó interese do 1 por cento anual.

5ª.- Como primeira partida da conta do convenio consignarase o saldo acreedor resultante de actualiza-las contas de gastos e ingresos dos consorcios anteriores, que quedarán total ou parcialmente extinguidos. Este saldo, que será a diferenza entre a suma das partidas de gastos sufragados pola Consellería de Medio Ambiente, e os ingresos desta considerarase anticipo e, a partir del, aplicaráselle á nova conta o réxime previsto de subvencións e anticipos.

A relación de consorcios a converter é como segue: 249 Has do consorcio 3010

6ª.— As propostas ou proxectos necesarios para o desenvolvemento das finalidades consignadas serán aprobadas pola Consellería de Medio Ambiente.

7ª.— Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado creado durante a vixencia do convenio, e do incorporado a el, segundo a cláusula 1.ª, apartado b), o 30 por cento será para a Consellería de Medio Ambiente, e o 70 por cento restante, para a comunidade propietaria do terreo.

Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado preexistente no monte e, daquela, pertencente ós propietarios do chan, a Consellería de Medio Ambiente recibirá o 0 por cento, e a comunidade propietaria, o 100 por cento restante.

Se, como consecuencia da execución de un aproveitamento, a participación da Consellería de Medio Ambiente excedese do saldo acredor existente nese momento, en concepto do anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, entregárase o exceso a comunidade propietaria.

Os ingresos obtidos dos restantes aproveitamentos, que se realizarán previa conformidade da comunidade propietaria, e que estarán subordinadas en canto á súa localización, época e contía, ás necesidades da repoboación e conservación do voo, corresponderán ó titular do chan.

8ª.— En caso de incendio, a Consellería de Medio Ambiente procederá ó aproveitamento do voo existente no terreo sinistrado, distribuíndo o importe que se obteña, de acordo coas normas establecidas no convenio, e á restauración da masa arbórea nas mesmas condicións económicas que se estipulan para o resto dos traballos.

9ª.— o presente convenio, para o seu pleno funcionamento e eficacia a tódolos efectos como título auténtico, deberá ser subscrito pola comunidade propietaria do chan e pola Consellería de Medio Ambiente, figurando no mesmo certificación do acordo da Xunta de Comunidade co «quorum» regulamentario, no que se designe a persoa autorizada a efectos da signatura do Convenio.

Ata que teña lugar a devolución do anticipo, a Consellería de Medio Ambiente asumirá a posesión do voo, establecéndose un dereito real de garantía sobre este que, sen máis requisitos có contrato administra tivo, será inscribible no Rexistro da Propiedade.

10ª.— A duración deste convenio será por un período de 25 anos.

Transcorrido este tempo, e se a Consellería Medio Ambiente, coa súa participación en beneficios que se consigna no primeiro parágrafo da cláusula sétima, cubrise o seu saldo acredor, en concepto de anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, quedará automaticamente extinguido o convenio, reintegrándose o chan e as existencias que subentábase á plena posesión do seu titular.

En caso contrario, prorrogárase o convenio automaticamente ata que o resarcimento teña lugar.

Caso de que o saldo acredor da Consellería de Medio Ambiente se cubrise antes de que transcorra o prazo de duración do convenio, considerárase este tácitamente renovado, de non existir manifestación expresa dalgunha das partes.

En calquera momento poderá cancelarse o convenio, previo aboamento á Consellería de Medio Ambiente do saldo pendente.

A extinción do convenio leva consigo que a totalidade do voo existente pase ó titular da propiedade do chan, con exención do Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

11ª.— Tódalas melloras realizadas no monte, tales como camiños, construcións, etc., quedarán a beneficio do titular do chan ó se extingui-lo convenio; sen embargo, os camiños, puntos de auga e casetas de vixilancia contra incendios forestais, quedarán gravados cunha servidume de uso a favor da Consellería de Medio Ambiente, se esta o precisar.

12ª.— A especie a utilizar para a repoboación forestal obxecto deste convenio será pino pinaster
e frondosas nas bagoadas.

13ª.— O convenio terá carácter administrativo, e a Consellería de Medio Ambiente interpretará e resolverá tódalas cuestións que se susciten, derivadas do seu cumprimento.

Contra do presente convenio poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses.

Don M^a JOSE LEON GOMEZ, encargado da sección provincial do Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común.

CERTIFICO:

1.—Que entre os antecedentes que obran en poder deste rexistro figura copia dos estatutos da comunidade propietaria do monte veciñal en man común de "Estacas", da parroquia de Estacas, concello de Fornelos de Montes

2.—Que, así mesmo, figura Don JOSE GARRIDO PIÑEIRO, e Don RAIMUNDO DOMINGUEZ PIÑEIRO, como presidente e secretario, respectivamente, da xunta rectora, deica 15-01-2003

E para que conste, expido a presente certificación en Pontevedra a 11 de febreiro de 1999 - 2000



Don Raimundo Dominguez Piñeiro, Secretario de Comunidade de Montes Veciñais de Estacas

CERTIFICO : Que as cláusulas que anteceden foron aprobadas por esta comunidade, cumpríndose o requisito do quorum, en sesión celebrada o día dous de agosto de 1998 estando designado Don Jose Garrido Piñeiro representante dela para efectos da firma do convenio.

E para que conste, expido a presente certificación en Pontevedra a vintecatro de xaneiro de XXXX mil novecientos noventa e dous mil.

O SECRETARIO,

Visto e prace,

O Presidente

Asdo.: Jose Garrido Piñeiro

Asdo.: Raimundo Dominguez Piñeiro

Don TOMÁS FERNÁNDEZ-COUTO JUANAS, Director Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, dá a súa conformidade ás bases do presente convenio, e propón a súa sinatura.

Jose Garrido Piñeiro

Pola propiedade,





En relación a solicitude de rescisión parcial de 13,41 has do monte "MAIOR" 3615698, presentada en data 29 de maio de 2008 polo presidente da comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Estacas (Fornelos de Montes) Pontevedra, conforme ao acordo da Asemblea xeral do 13 de abril de 2008, infórmolle o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

1º.-Que o monte foi clasificado a favor dos veciños de Estacas segundo Resolución do Xurado Provincial de Montes de data 01 de febreiro de 1979, cun total de 1405 ha.

2º.- Que o 11 de abril de 2000, resólvese a aprobación do convenio número 3615698 de 284 ha coa mesma comunidade, rescindíndose a totalidade do consorcio PO-3310 de 249 ha denominado "Monte Maior".

3º.- Que segundo as bases do convenio asinado a Consellaría aporta ao convenio as cantidades necesarias para cubrir os gastos a que dea lugar a súa execución. Na correspondente conta de gastos, o 50% contabilizouse e concepto de subvención sendo o restante 50%, o anticipo reintegrable o interese do 1% anual.

4º.- Que a duración do presente convenio asinouse por un período de 25 anos mais segundo o cuarto parágrafo da décima cláusula en calquera momento poderá cancelarse o convenio previo aboamento a Consellaría do Medio Rural do saldo pendente. A extinción do convenio leva consigo que a totalidade do voo existente pase ao titular da propiedade do chan, con exención do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

5º.- Que se achega planimetría da parcela.

6º.- Que a data 31-12-07 os gastos dos traballos mailos ingresos no monte dan un saldo de 20.300,32 € de débeda, sendo este saldo cuberto polo resto da superficie do monte en convenio.

Por todo isto,

PROPOÑEMOS:

1.- Que se aprobe a rescisión parcial das 13,41 has do convenio do monte "Maior" 3615698 da pertenza da C.M.V.M.C. de Estacas, sen que a comunidade teña que aboar cantidade ningunha xa que o resto do monte cubre a débeda existente.

2º.- Que no sucesivo as características do convenio "Maior" 3615698, sexan as seguintes:

Nome: "Monte Maior"

Número: 3615698

Superficie: 270,59 ha

Pertenza: C.M.V.M.C. de Estacas

Concello: Fornelos de Montes

Santiago de Compostela, 3 de setembro de 2008

O Director Xeral de Montes e Industrias Forestais


Alberte Blanco Casal

Excmo. Sr. Conselleiro do Medio Rural.-
Santiago de Compostela.-



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
ASESORÍA XURÍDICA

Edificio Administrativo San Caetano
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
<http://mediorural.xunta.es>

05 NOV. 2008

ENTRADA Nº
SAÍDA Nº 622



AUNTO : RESCISIÓN PARCIAL (13,41 HAS.) DO CONVENIO, Nº36.15698, FORMALIZADO CON DATA DO 11 DE ABRIL DE 2000, ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE DA XUNTA DE GALICIA E A COMUNIDADE DE MONTES VECIÑAIS EN MÁN COMÚN DE " ESTACAS" (FORNELOS DE MONTES, PONTEVEDRA), EN MATERIA DE FOMENTO DA PRODUCCIÓN FORESTAL DO MONTE VECIÑAL EN MÁN COMÚN "MAIOR", 36.15698.

Vistos, a solicitude formulada, a medio de escrito, con data do 28 de maio de 2008, pola Comunidade de Montes Veciñais en Mán Común de ESTACAS , Concello de Fornelos de Montes, Provincia de Pontevedra, instrumentando acordo adoptado pola Asamblea da referida comunidade propietaria na súa reunión de data do 13 de abril de 2008 en relación có asunto de referencia así como ó disposto na Cláusula 10ª do Convenio suscrito no seu día como instrumento convencional no que se fixan as prestacións obxecto do mesmo así como os dereitos e as obrigas das partes asinantes ; acreditado no expediente a vontade dunha delas para levar a cabo a rescisión do vínculo obrigacional que o referido Consorcio comporta así como que, aunque el saldo derivado da conta de explotación é, a 31.12.07, de 20.300,32 € a favor da Consellería, debe, segundo a proposta, entenderse cuberto polo valor do resto da superficie do monte en convenio; vista a proposta, de data do 3 de setembro de 2008, da Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais da Consellería do Medio Rural, vista a aclaración formulada con data do 31 de outubro de 2008 en relación cun erro aparecido na solicitude de rescisión, esta Asesoría Xurídica, non encontrando obstáculo xurídico formal ningún que a impida, **informaa favorablemente.**

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2008.



O Letrado da Xunta de Galicia

Asdo. Pablo Figueroa Dorrego

**SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E INDUSTRIAS FORESTAIS.
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL. SAN LÁZARO. SANTIAGO DE C.**



Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais, e logo dos informes favorables emitidos pola Asesoría Xurídica e polo xefe do servizo provincial de Montes e Industrias Forestais de Pontevedra,

RESOLVO:

1.- Aprobar a rescisión parcial das 13,41 has do convenio do monte “Maior” 3615698 da pertenza da C.M.V.M.C. de Estacas, sen que a comunidade teña que aboar cantidade ningunha xa que o resto do monte cubre a débeda existente.

2º.- Que no sucesivo as características do convenio “Maior” 3615698, sexan as seguintes:

Nome: “Monte Maior”

Número: 3615698

Superficie: 270,59 ha

Pertenza: C.M.V.M.C. de Estacas

Concello: Fornelos de Montes

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de Reposición con carácter potestativo ante o Conselleiro do Medio Rural no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente o recurso Contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, prazos que comezarán a contar a partir do día seguinte ó da recepción da notificación, de acordo co disposto nos artigos 107, 109, 116 e 117 da Lei 4/99 de modificación da Lei 30/92, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e nos artigos 10 e 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo da xurisdicción contencioso-administrativa, ou exercer calquera outro que estime pertinente.

Santiago de Compostela, 10 de novembro de 2008

O CONSELLEIRO

Alfredo Suárez Canal